

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

*RESOLUCIÓN do 24 de setembro de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se adjudican as axudas do anexo I, modalidade A, da Orde do 28 de maio de 2019, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.*

A Orde do 28 de maio de 2019 (DOG núm. 111, do 13 de xuño), establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (en diante, Gain), en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

O obxecto da modalidade A do Programa de apoio á etapa posdoutoral é outorgar axudas ás universidades do SUG, aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e o IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para ampliar a súa formación no estranxeiro con posibilidade de retorno, mediante o financiamento dun contrato dun máximo de dous anos de duración para a realización de estadias no estranxeiro e un contrato de retorno dun ano de duración na Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co artigo 3 da orde de convocatoria, ata 10 persoas investigadoras posdoutorais da modalidade A contratadas polas universidades do SUG e ata 2 persoas contratadas polas demais entidades que desenvolvan os dous anos de estadia en EUA poderán obter a condición de bolseiras Fulbright, e contar co apoio da Comisión Fulbright.

No artigo 2 da orde de convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e no artigo 2 do anexo I os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas da modalidade A do Programa de apoio á etapa posdoutoral.



De acordo co establecido no artigo 9 desta convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as entidades solicitantes tiveron un prazo de dez días naturais para formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de Universidades ou ante a Gain, segundo a entidade solicitante. Unha vez que se recibiu e se examinou esta documentación publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

As solicitudes foron ponderadas por un equipo avaliador formado por persoas expertas de fóra do Sistema de I+D+i galego, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación indicada no artigo 4 do anexo I da convocatoria e segundo o baremo que se indica no artigo 5 do mesmo anexo.

O resultado desta avaliación entregóuselle á comisión de selección definida no artigo 10 da orde de convocatoria, que asignou ata un máximo de 5 puntos a aquelas solicitudes que acadaron a puntuación mínima indicada no artigo 5 do anexo I, en función da pertenza da persoa candidata a un grupo, equipo de investigación, agrupación estratéxica, unidade de excelencia ou centro de investigación singular dos definidos no mesmo artigo 10. A comisión de selección elaborou un informe para os órganos instrutores en que figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas, e a lista de agarda para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e á persoa titular da Presidencia da Gain, de acordo co artigo 11 da convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 10 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polos órganos instrutores a partir do informe da comisión de selección reunida o día 11 de setembro de 2019, a través da Secretaría Xeral de Universidades e da Gain,

#### RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder as axudas da modalidade A de apoio á etapa de formación posdoutoral convocadas pola Orde do 28 de maio de 2019 ás entidades que contraten as persoas seleccionadas para unha praza do Programa de apoio á etapa de formación posdoutoral que se relacionan no anexo I, en que se reflicten tamén as solicitudes que obteñen a condición de bolseiras Fulbright.



Segundo. Establecer unha lista de agarda para as universidades do SUG, que se inclúe como anexo II, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios recollidos no artigo 10. Nesta lista figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para seren adxudicatarias da axuda pero que teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida no artigo 5 do anexo I da convocatoria.

No caso das solicitudes presentadas polas demais entidades do artigo 2 da convocatoria, non se establece lista de agarda porque non hai ningunha solicitude que non figure no anexo I que teña unha puntuación igual ou superior á mínima establecida no artigo 5 do anexo I.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data de comezo dos contratos será o 16 de outubro de 2019, agás para as persoas non comunitarias que poderán asinar o contrato ata o 30 de novembro de 2019.

Quinto. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución segundo a estrutura de pagamentos recollida no artigo 14 das bases da convocatoria.

Universidades do SUG: 40 axudas.

O importe das axudas das universidades do SUG imputarase ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2016-2020, polo que as anualidades de 2021 e 2022 se integrarán no novo plan de financiamento para os anos seguintes:

Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº axudas	Crédito (en euros)				
			2019	2020	2021	2022	Total
09.40.561B.444.0	UDC	1	3.366,67	43.174,66	35.827,56	36.311,11	118.680,00
09.40.561B.444.0	USC	26	87.613,36	1.142.759,10	1.124.218,68	944.088,86	3.298.680,00
09.40.561B.444.0	UVIGO	13	41.489,33	514.910,68	521.715,56	472.044,43	1.550.160,00
Total		40	132.469,36	1.700.844,44	1.681.761,80	1.452.444,40	4.967.520,00



Demais entidades indicadas no artigo 2: 6 axudas.

De acordo co establecido no artigo 20 das bases da convocatoria e a vinculación de créditos que rexe para as axencias conforme a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os créditos da Gain adecuáronse á natureza xurídica das entidades beneficiarias. En consecuencia os ditos créditos teñen a seguinte distribución:

Aplicación orzamentaria	Entidade	Nº axudas	Crédito (en euros)				
			2019	2020	2021	2022	Total
09.A3.561A.403.0	Instituto de Ciencias de Patrimonio (INCIPIT) do CSIC	3	10.384,45	136.900,00	134.582,22	108.933,33	390.800,00
09.A3.561A.403.0	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	1	3.366,67	43.500,00	42.822,22	36.311,11	126.000,00
09.A3.561A.480.0	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	1	3.366,67	43.174,66	35.827,56	36.311,11	118.680,00
09.A3.561A.480.0	Fundación Profesor Novoa Santos	1	3.366,67	43.500,00	42.822,22	36.311,11	126.000,00
Total		6	20.484,46	267.074,66	256.054,22	217.866,66	761.480,00

Sexto. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades, no caso das universidades do SUG, ou á Gain no caso das demais entidades indicadas no artigo 2 da convocatoria, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Sétimo. O artigo 14 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez



días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no caso de solicitudes pertencentes ao SUG, e ante a persoa titular da presidencia da Gain nos restantes casos, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2019

Carmen Pomar Tojo  
Conselleira de Educación, Universidade  
e Formación Profesional

Francisco Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego e  
Industria e presidente da Axencia Galega  
de Innovación





## ANEXO I Axudas concedidas

Universidades do SUG

Universidade da Coruña

Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
ED481B-2019-095	UDC	Garrido	Moreno	Elisa	Artes e Humanidades	2	1	95,00

Universidade de Santiago de Compostela

Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
ED481B-2019-049	USC	Aguilera	Durán	Tomás	Artes e Humanidades	2	3	85,50
ED481B-2019-043	USC	Cabezas	Sainz	Pablo	Ciencias da Saúde	1	1	72,15
ED481B-2019-001	USC	Castiñeira	Reis	Marta	Ciencias	2	2	91,00
ED481B-2019-086	USC	Correa	Jaraba	Kenia Shaily	Ciencias Sociais e Xurídicas	3	3	65,50
ED481B-2019-034	USC	Costa	Besada	María Alicia	Ciencias da Saúde	2	2	82,00
ED481B-2019-073	USC	Cutrín	Mosteiro	Olalla	Ciencias Sociais e Xurídicas	3	3	74,95
ED481B-2019-083	USC	Díaz	Cao	José Manuel	Ciencias da Saúde	3	3	71,00
ED481B-2019-005	USC	Fernández	Fernández	David	Ciencias	3	3	80,50
ED481B-2019-040	USC	García	Feal	Xabier	Ciencias	3	3	91,00
ED481B-2019-039	USC	García	Goldar	Mónica	Ciencias Sociais e Xurídicas	1	2	68,00
ED481B-2019-015	USC	García	Guimarey	María Jesús	Enxeñaría e Arquitectura	2	2	73,50
ED481B-2019-048	USC	González	Gil	Lorena	Enxeñaría e Arquitectura	2	1	94,50
ED481B-2019-055	USC	Lamas	Freire	Alexandre	Ciencias da Saúde	2	2	78,50
ED481B-2019-090	USC	Leira	Castiñeira	Francisco Jorge	Artes e Humanidades	2	2	79,50



Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
ED481B-2019-026	USC	Lemos	Cid	Edgar	Ciencias	2	2	86,50
ED481B-2019-027	USC	Maneiro	Boo	Lorena	Ciencias Sociais e Xurídicas	2	2	78,00
ED481B-2019-002	USC	Parajó	Vieito	Juan José	Ciencias	1	1	86,00
ED481B-2019-025	USC	Pardo	Montero	Alberto	Ciencias da Saúde	1	1	83,50
ED481B-2019-108	USC	Pérez de Lis	Castro	Gonzalo	Ciencias	3	3	88,80
ED481B-2019-008	USC	Reino	Sánchez	Clara	Ciencias	2	2	84,70
ED481B-2019-033	USC	Remesar	Alonso	Susana	Ciencias da Saúde	2	2	82,70
ED481B-2019-010	USC	Rodríguez	Penas	David	Enxeñaría e Arquitectura	2	1	70,80
ED481B-2019-024	USC	Rodríguez	Riego	Rafael	Ciencias	2	2	87,50
ED481B-2019-088	USC	Souza	Alonso	Pablo	Ciencias	2	2	94,50
ED481B-2019-054	USC	Varela	Sandá	Iván	Ciencias	2	2	78,50
ED481B-2019-013	USC	Villar	Álvarez	Eva María	Ciencias	1	1	90,00

Destas solicitudes obteñen a condición de bolseiras Fulbright as seguintes:

Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
ED481B-2019-040	USC	García	Feal	Xabier	Ciencias	3	3	91,00
ED481B-2019-108	USC	Pérez de Lis	Castro	Gonzalo	Ciencias	3	3	88,80

Universidade de Vigo

Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
ED481B-2019-066	UVigo	Álvarez	Vázquez	Miguel Ángel	Artes e Humanidades	2	2	77,00



Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
ED481B-2019-061	UVigo	Balado	Frías	Jesús	Enxeñaría e Arquitectura	2	1	82,50
ED481B-2019-091	UVigo	Díez	Sarabia	Aida María	Enxeñaría e Arquitectura	1	2	76,00
ED481B-2019-077	UVigo	Fernández	Pena	Yolanda	Artes e Humanidades	2	2	98,50
ED481B-2019-096	UVigo	Fraga	Corral	María	Ciencias	1	1	93,00
ED481B-2019-074	UVigo	García	Moreiras	Iria	Ciencias	1	2	81,00
ED481B-2019-068	UVigo	Gil	Lozano	Carolina	Ciencias	2	2	98,00
ED481B-2019-097	UVigo	Louredo	Casado	Sara	Ciencias Sociais e Xurídicas	1	2	72,05
ED481B-2019-079	UVigo	Morell	Rovira	Berta	Artes e Humanidades	2	2	81,30
ED481B-2019-032	UVigo	Pérez	Pérez	Martín	Enxeñaría e Arquitectura	1	1	76,00
ED481B-2019-047	UVigo	Salvador	Gimeno	Santiago	Ciencias Sociais e Xurídicas	1	1	85,10
ED481B-2019-070	UVigo	Sorí	Gómez	Rogert	Ciencias	1	1	85,00
ED481B-2019-076	UVigo	Sousa	Castillo	Ana	Ciencias	2	2	98,00

## Demais entidades do artigo 2 da convocatoria

Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
IN606B-2019/006	Instituto de Ciencias de Patrimonio (INCIPIIT) do CSIC	García	Casas	David	Artes e Humanidades	2	2	64,50
IN606B-2019/011	Instituto de Ciencias de Patrimonio (INCIPIIT) do CSIC	Iniesta	di Cesare	María Lourdes	Artes e Humanidades	3	3	79,00
IN606B-2019/002	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	López	Acosta	María	Ciencias	2	2	92,25
IN606B-2019/010	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Mayer	Mayer	Celia	Ciencias da Saúde	2	1	71,50





Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
IN606B-2019/005	Instituto de Ciencias de Patrimonio (INICIPIT) do CSIC	Rodríguez	Antón	Andrea	Artes e Humanidades	2	2	76,68
IN606B-2019/004	Fundación Profesor Novoa Santos	Varela	Eirín	Marta	Ciencias da Saúde	2	2	92,00

**ANEXO II**  
**Lista de agarda**

**Universidades do SUG**

Orde	Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
01	ED481B-2019-099	USC	Buján	Gómez	Noemí	Ciencias	3	3	77,60
02	ED481B-2019-028	USC	Busto	Zapico	Miguel	Artes e Humanidades	2	2	77,00
03	ED481B-2019-037	USC	Martín	Nieto	Isaac	Artes e Humanidades	2	1	76,90
04	ED481B-2019-104	UDC	Lucio	Martínez	María de Fátima	Ciencias	2	2	74,00
05	ED481B-2019-100	UVigo	Oludemi		Taofiq	Ciencias	1	1	74,00
06	ED481B-2019-029	USC	Abalo	Gómez	Adriana	Artes e Humanidades	2	2	73,60
07	ED481B-2019-018	USC	García	Martínez	Pablo	Artes e Humanidades	2	2	73,33
08	ED481B-2019-031	USC	González	López	Tamara	Artes e Humanidades	2	1	73,00
09	ED481B-2019-113	USC	Fraga	Timiraos	Ana Belén	Ciencias	3	3	71,00
10	ED481B-2019-044	UDC	Ramadan Farrag AbdelHafez	-	Yousof	Ciencias	1	1	71,00
11	ED481B-2019-094	UDC	Marcos	Pérez	Diego	Ciencias da Saúde	2	2	71,00
12	ED481B-2019-107	UDC	Castro	Viñuelas	Rocío	Ciencias da Saúde	3	3	70,50
13	ED481B-2019-069	UVigo	Naderi	-	Fatemeh	Ciencias	2	2	69,25



Orde	Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Puntuación
14	ED481B-2019-016	USC	Nieto	Fontarigo	Juan José	Ciencias da Saúde	2	2	69,05
15	ED481B-2019-075	UVigo	Otero	Rodiño	Cristina	Ciencias	1	1	69,00
16	ED481B-2019-060	UVigo	Velasco	Rubial	Cristina	Ciencias	2	2	69,00
17	ED481B-2019-041	USC	Ordás	Díaz	Pablo	Artes e Humanidades	3	3	68,75
18	ED481B-2019-038	USC	Muras	Mora	Andrea	Ciencias da Saúde	2	2	68,50
19	ED481B-2019-118	USC	Campaña	Lozano	Isidoro	Artes e Humanidades	3	3	68,50
20	ED481B-2019-021	UDC	Rico	Alonso	Sonia	Artes e Humanidades	2	2	67,70

Da lista de agarda poderían obter a condición de bolseiras Fulbright as seguintes:

Nº expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Total
ED481B-2019-107	UDC	Castro	Viñuelas	Rocío	Ciencias da Saúde	3	3	70,50
ED481B-2019-041	USC	Ordás	Díaz	Pablo	Artes e Humanidades	3	3	68,75